



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ARES PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CABIDO PARA SALA DE INTERPRETACIÓN DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO, ARES (A CORUÑA)

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Concello de Ares o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a data de finalización das obras obxecto do mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o concello de Ares para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións urxentes no Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, Ares.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Dentro das liñas de actuación en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural sinaladas no seu programa de obxectivos, a citada consellería realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de acondicionamento do cabido para sala de interpretación do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, Ares. Pola súa parte, o concello de Ares comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución urxente das actuacións obxecto deste convenio.

Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Para o desenvolvemento do proxecto non é posible promover a concorrência pública dado o carácter único do Ben que será obxecto das actuacións, declarado Ben de Interese Cultural coa categoría de conxunto histórico. As obras previstas para o mosteiro, incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro da medida Conservación dos mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego, van evitar o seu deterioro impedindo así que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

